

MUNDIARIO

Homenaxe a Eva Veiga

O próximo 13 de xuño a AELG vai outorgar a “Letra E” a Eva Veiga, unha das voces máis sublimes da poesía galega contemporánea.

[Manuel López Foxo](#)

24 de maio de 2026

<https://www.mundiario.com/articulo/en-galego/homenaxe-eva-veiga/20260524231528387782.html>

Son das persoas que pensa desde hai moito tempo que o Día das Letras Galegas debería dedicarse un ano a unha figura xa desaparecida e outro a unha personalidade viva cunha longa traxectoria nas nosas letras. Claro que merecían o 17 de maio todas as figuras ás que a Real Academia Galega lles dedicou ese día, desde Rosalía de Castro a Begoña Caamaño. Mais non alcanzo a comprender por que Álvaro Cunqueiro ou Xohana Torres, por citar só dous nomes, non tiveron xa en vida un Día das Letras Galegas, cun ano enteiro consagrado a divulgar e celebrarmos a súa obra, ou por que unha figura tan fundamental na literatura galega contemporánea como o é hoxe, por exemplo, X.L. Méndez Ferrín, non pode gozar xa en vida do seu Día Das Letras.

Creo que a RAG debería repensar a celebración da súa festa principal e ter presente aqueles tres versos de Alfonso Pexegueiro que din así: “Para que queredes un poeta vivo / se non sabedes que facer con el; / matádeo e celebrielle as pompas”.

Nese sentido a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) hai anos que tomou a feliz iniciativa de homenaxear ás escritoras e aos escritores na súa Terra, un evento que se iniciou en 1995 cunha homenaxe a Antón Avilés de Taramancos e que en anos sucesivos se dedicaría a Bernardino Graña, Manuel María, María Xosé Quizán, Xosé Neira Vilas, Luz Pozo Garza e outras destacadas figuras. Só Uxío Novoneyra recibiu ese recoñecemento tras a súa morte. En cada edición descúbrese un monólito conmemorativo, plántase unha árbore, celébrase un acto no que se entrega a “Letra E”, con *Laudatio* da autora ou do autor homenaxeado e a correspondente resposta, e xa como remate, organízase un xantar.

Que é o que lle falta á iniciativa da AELG? Sen dúbida algunha, a proxección social que a pesar da perda da forza reivindicativa que tiña noutras épocas posúe o Día das Letras, coa elaboración de estudos, a edición de libros e a organización de actos por todo o país, con máis ou menos intensidade, dependendo da figura que cada ano escolle a RAG.

O próximo 13 de xuño a AELG vai outorgar en Pontedeume a “Letra E” a Eva Veiga (Ombre-Pontedeume, 1961), unha das voces poéticas máis sólidas e luminosas da poesía galega actual,

unha poeta que nos leva entregado algúns dos mellores poemarios en lingua galega que se publicaron en Galiza desde a década dos noventa.

Nun ano no que andamos a celebrar os cincuenta anos de *Con pólvora e magnolias* e *Seraogna* non podemos deixar de revisitar tamén libros de Eva Veiga tan extraordinarios como *A luz e as súas cicatrices*, *A frecha azul do teixo*, *Soño e vértice* ou *Quérote canto*, esa outra marabilla poética que escribiu man a man con Baldo Ramos. O seu último libro publicado é *O que se volve raíz*, editado por Olifante, con tradución ao español de Teresa Seara e lapela de Pilar Pallarés.

Mágoa que nos días de xuño as cerdeiras de Ombre xa non estexan en flor para saudar e celebrar con toda a súa súa beleza este tan merecido e xusto recoñecemento da República das Letras a Eva Veiga, que creou para nós e para os séculos que han de vir versos tan belísimos como un inmenso cereixal en flor. Luís Pimentel, que viviu os veráns eumeses, Xohana Torres, que alí traballou de telegrafista e soñou a súa poesía, ou Ramiro Fonte, que nunca deixou de levar a súa vila no seu verso e na súa prosa, estarán moi presentes na nosa mente ese día en Pontedeume, porque sabemos que alí os atoparíamos cos brazos abertos para recibir a tan altísima poeta na súa Terra e ouvir na súa voz o seu canto.